



<http://periantio.blogspot.com>

xullo

Mostra bibliográfica OS INKLINGS

Do 1 de xullo ao 31 de agosto
Horario de apertura da biblioteca

Público xeral, todas aquelas persoas que se acheguen á biblioteca

Baixo este nome se atopa o círculo literario máis influente do século XX formado por autores coma C.S. Lewis, o autor da saga de "Crónicas de Narnia" ou J.R.R. Tolkien, autor da saga "O señor dos aneis".

Un grupo de rapazes que xuntábanse para reivindicar a ficción e a fantasía, o espírito e a imaxinación na era das máquinas.



Cita a cegas

Horario de apertura da biblioteca
Do 1 de xullo ao 31 de agosto
Persoas usuarias da biblioteca

Este verán as persoas usuarias da biblioteca terán a súa disposición unha serie de paquetes pechados que poderán levar a casa emprestados. Sen saber que están levando ata que o abrir o paquete desvelen o seu segredo. E atoparanse co que pode chegar a ser un gran amor literario.



No verán... un conto

Hora: 19.30 h
Martes 2, 9, 16, 23 e 30 de xullo

Día 2: público infantil de 3 a 6 anos
Día 9: público infantil maiores de 6 anos
Día 16: público adulto
Día 23: obradoiro de hip-hop
Día 30: obradoiro de regueifas

Normalización lingüística en colaboración coa biblioteca organizan actividades dende contacontos ata obradoiros de regueifas e Hip-hop.



Achégate ao graffiti con... Peri

Hora: 11.00 a 13.00 h
Mércores 3, venres 5, martes 9 e xoves 11 de xullo

Actividade para público infantil a partir de 8 anos

Inscripción*: a partir das 10.30h do 15 de xuño

Prazas: 15

Obradoiro que achegará ao público participante ao mundo do graffiti a súa linguaxe, os seus códigos e os seus segredos, de forma que esperte neles o amor polas artes.



<http://periantio.blogspot.com>

Obradoiro de arte - De arte e de libros

Mércores 17, venres 19, mércores 24 e venres 26 de xullo
Hora: 11.00 a 13.00 h

Actividade para público infantil de 6 a 14 anos

Inscripción*: a partir das 10.30 h do 1 de xullo

Prazas: 20

O público participante interpretará imaxes artísticas, estimulará a creatividade, e establecerá conexións entre as artes, a literatura, a historia e as matemáticas. En cada obradoiro tratarase un artista diferente: da Vinci, Van Gogh, Velázquez e Picasso.



Terrazas literarias Encontros con escritores

Horario: 20.00 h
Luns 5 e martes 6 de agosto

Público xeral, maiores de 16 anos

Inscripción*: a partir das 10.30 h do 15 de xullo

Prazas: 20

Domingo Villar e Francisco Castro inaugurarán as nosas Terrazas Literarias. Aproveitando o bo tempo do verán sairemos a rúa para facer un encontro con escritores.



agosto

Biblioteca Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo



Avenida Martínez Garrido, 21.
36205 Vigo
Telf.: 986 267 759
bpneiravilas@vigo.org
http://bpvigneiravilas.blogspot.com/
www.vigocultura.org

Inscripción: pode facerse de forma presencial na biblioteca, mandando un correo electrónico a bpneiravilas@vigo.org indicando os seus datos (nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono e correo electrónico) ou ben a través do teléfono 986 267 759. A actividade é gratuita e as prazas cóbrense por orde de inscrición.



As actividades poden verse sometidas a modificacións

Achégate á bioloxía marina
Horario: de 11.00 a 13.00 h
Martes 6, 13, 20 e 27 de agosto
Público infantil de 5 ata 12 anos
Inscripción*: a partir das 10.30 h do 15 de xuño
Prazas: 15

Achegaremos ao público infantil os coñecementos básicos sobre os mares e os seres que os habitan, ademais de ensinarlles como facer unha colección de cunchas dun modo sinxelo.



Mostra bibliográfica Traduttore, traditore
Do 2 de setembro ao 5 de outubro
Horario de apertura da biblioteca
Público xeral, todas aquelas persoas que se acheguen á biblioteca

O luns 30 de setembro celébrase o Día Internacional da Tradución, para sumarnos a este festexo ofrecemos esta mostra coa que queremos homenaxear a esta profesión que é fundamental neste mundo globalizado e esencial para a comunicación entre culturas.



O sabadiño do Roque
Sábado, 5 de setembro
Hora: 12.00 h
Público infantil de 3 a 10 anos
Inscripción*: a partir das 10.30 h do día 15 de agosto
Prazas: 35

Roque, un simpático personaxe veciño do Calvario visita a biblioteca xunto con Andrea e Oscar para compartir co público infantil as súas aventuras e contarnos fantásticas historias, ensínanos divertidas cancións e propoñernos estupendos xogos.



Achégate á Internet. Iniciación I
Martes 10, mércores 11 e xoves 12 de setembro
Horario: de 10.00 a 12.00 h
Persoas usuarias da biblioteca maiores de 16 anos sen coñecementos básicos de informática ou Internet
Inscripción*: a partir das 11.00 h do 15 de agosto
Prazas: 6

Nova edición deste proxecto de alfabetización dixital que ten como finalidade formar na busca/asimilación de información e no manexo das novas tecnoloxías, requisito indispensable hoxe en día para acceder ás novas formas de información, formación, e lecer.



A hora dos contos
Xoves, 12 de setembro
Hora: 18.00 h
Público infantil de 3 a 10 anos
Prazas: 30

A hora dos contos é un proxecto de animación á lectura onde cada mes presentamos diferentes contos e unha serie de actividades de mans de Trini Puentes.



Entre arrollos e contiños
Sábado, 21 de setembro
Hora: 12.00 h
Público infantil de 12 meses a 3 anos
Inscripción*: a partir das 10.30 h do 1 de setembro
Prazas: 30

Os bebés compartirán coa familia un momento de pracer, lonxe do ruído e os quefaceres cotiáns, espertando xa nos seus primeiros anos de vida un interese pola literatura e a tradición oral a través de contos, cancións e pequenos xogos.

Esta sesión esta incluída dentro da Programación LER CONTA MOITO da Xunta de Galicia.

